

# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
2315/2024	A Xunta de Goberno Local	15/04/2024

María Jesusa Fernández Bascuas, en calidade de secretaria deste órgano,

## CERTIFICO:

Que, na sesión da Xunta de Goberno Local celebrada na data arriba indicada, se adoptou o seguinte **ACORDO**:

**EXPEDIENTE 2315/2024. PROPOSTA DE APROBACIÓN DO INICIO DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL SAN MARTIÑO DE CALLOBRE, MANUEL REGUEIRO, NOVO MUNICIPAL E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS" (2024)**

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO

Vista a memoria xustificativa sobre a necesidade, idoneidade e eficiencia da contratación, relativa ao contrato do servizo de "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIALSAN MARTIÑO DE CALLOBRE, MANUEL REGUEIRO, NOVO MUNICIPAL E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS", asinada en data 8 de abril de 2024 por parte do concelleiro delegado D. Ismael Pena Villamor, indicando entre outros que: *"A necesidade da celebración deste contrato ven determinada porque é preciso definir as actuacións e a execución dos servizos de mantemento e conservación dos campos de fútbol de céspede artificial das instalacións "San Martiño", "Manuel Regueiro" e "Novo Municipal" e das pistas de tenis municipais . Os servizos contratados deberán asegurar o funcionamento continuo e eficaz das instalacións deportivas.*

..... "

Vista a Providencia da Alcaldía de data 08/04/2024 pola que se dispón que se incorpore ao expediente informe sobre insuficiencia de medios así como que por Intervención se emita certificado de existencia de crédito axeitado e suficiente, no seu caso.

Visto que con data 08/04/2024 foi emitido informe de insuficiencia de medios por parte do técnico municipal de deportes deste Concello así como incorporado ao expediente o correspondente documento de retención de crédito.





Vista a competencia da Xunta de Goberno Local, segundo o sinalado na Disposición Adicional Segunda, punto 1, da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público (LCSP) e Decreto de delegación da Alcaldía nº 2023-0854, de 20 de xuño.

Vista a proposta de resolución PR/2024/644 emitida o 08/04/2024 pola Alcaldía-Presidencia.

## RESOLUCIÓN

A Xunta de Goberno Local adopta, por unanimidade, os seguintes **ACORDOS**:

**Primeiro.-** Iniciar o procedemento de contratación do servizo de "MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS CAMPOS DE FÚTBOL DE CÉSPEDE ARTIFICIAL SAN MARTIÑO DE CALLOBRE, MANUEL REGUEIRO, NOVO MUNICIPAL E PISTAS DE TENIS MUNICIPAIS" por procedemento aberto simplificado sumario, cuxo orzamento base de licitación ascende á cantidade de 14.500,00 euros (IVE incluído).

**Segundo.-** Incorporar ao expediente, de conformidade co artigo 116 e coa Disposición Adicional Terceira da LCSP 9/2017, a seguinte documentación:

- Pregos de Prescricións Técnicas.
- Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.
- Informe xurídico.
- Informe de fiscalización de Intervención.

**Terceiro.-** Publicar o presente acordo no perfil do contratante do órgano de contratación, de acordo co disposto na Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público.

E, para que conste aos efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese o presente de orde e co visto e praxe do señor alcalde en funcións, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

